

VIDAS EXEMPLARES.

(Diálogos macanudos)

Personaxes

- * O Capitán Rego, individuo macanudo e algo chusco.
- * Rosaura, A suposta lesbiana, muller avizor.
- * Donato, vello supostamente trastornado
- * Silverio, vello que se mete onde non o chaman.
- * Coidador de tolos primeiro.
- * Coidador de tolos segundo.
- * Maiz, atorrante primeiro.
- * Seoane, atorrante segundo.
- * Mozo cun can.
- * O garda urbano.
- * Unha nai algo despistada.
- * Un neno de 10-12 anos que se cre diferente.
- * Un executivo.
- * Un vagabundo-peregrino.
- * Ana, presunta puta
- * Anxo, malpocado pouco fodedor e algo romántico.

Xardín público nunha gran capital. Marmurio de paxáros, pero tamén de tráfico como corresponde a unha urbe cosmopolita. Non se escoitará ningún neno. Non hai moitos. Só vellos e individuos de mediana idade. Hai todo un labirinto de camiños entre sebes. As diversas escenas iranse desenvolvendo en diferentes niveles do parque. Para iso haberá que situar no escenario un plano inclinado de xeito que no fondo esté máis elevado que diante do patio de butacas. A luz irá centrando a acción en cada un dos recunchos ou camiños do parque onde se desenvolva o diálogo que se describe. Unha serie de monitores ubicados a ambosdous lados do escenario conectados a varias cámaras darán noticia de todo o que acontece no escenario, coma se se tratase dos monitores do control de seguridade dun edificio. Hai unha vixilancia total e case obsesiva, sen zonas de sombra para as cámaras que o captarán todo, literalmente todo.

Escena I

(O capitán Rego, individuo macanudo e algo chusco;
Rosaura, muller avizor)

O escenario semella un paseo abeirado por arbores ben robustas e algunhas bancadas vacías. O capitán Rego está sentado lendo un xornal. Chega Rosaura. Séntase ó seu carón. Hai outras bancadas libres. O capitán Rego miraa varias veces de arriba abaixo. Rosaura devolve a ollada. O fondo do escenario é un tapiz verde, coma un muro cheo de hedras).

O capitán Rego.- E vostede...¿é lesbiana?

Rosaura.- ¿Porque me fala de vostede?

O capitán Rego.- Non sei.

Rosaura.- E bó falarse de tú.

O capitán Rego.- ¿Non está anoxada pola pregunta?

Rosaura.- Non.

O capitán Rego.- Coidei.

Rosaura.- Coidou mal.

O capitán Rego.- Coidaría.

Rosaura.- Non é a primeira vez.

O capitán Rego.- Xa.

Rosaura.- ¿E tí, que eres?

O capitán Rego.- Capitán.

Rosaura.- Non é moito.

O capitán Rego.- E máis que teniente.

Rosaura.- Visto así.

Soa unha música distante. Nun curruncho do escenario alguén canta. A cámara o capta e o transmite por tódolos monitores que agora so dan imaxes do cantante. É algo melódico e moi recoñecible.

O capitán Rego.- ¿Bailas?

Rosaura.- As veces.

O capitán Rego.- E...¿agora?

Rosaura.- (Ollando o seu contorno, coma escrutando na proximidade e na distancia.)
Non hai con quén.

O capitán Rego.- (Atraendoa cara sí) Comigo.

Rosaura.- Ti non sabes.

O capitán Rego.- Como é eso de que non sei.

Rosaura.- Os pés.

O capitán Rego.- ¿Que teñen os meus pés?

Rosaura.- Non son de bailarín. Son pés de militar e de pánfilo.

O capitán Rego.- ¿E os teus?

Rosaura.- É distinto.

O capitán Rego.- Non vexo a diferenza.

Rosaura.- Eu escollo parella. Non bailo con calquera.

O capitán Rego.- Fas trampa. Eres unha trapalleira. Eu non son calquera.

Rosaura.- Depende do xogo.

O capitán Rego e Rosaura quedan en silencio, logo de non chegar a un acordo para o baile. Fan movementos absurdos como ignorándose. Isto durará como 20-30 segundos e será moi tenso. Nos monitores desaparecerá a imaxe do cantante melódico e repitense escenas de todo o que está pasando no parque.

O capitán Rego.- E ti... (Saloucando) ¿Que eres?

Rosaura.- Lesbiana.

O capitán Rego.- Non é moito.

Rosaura.- E máis que teniente.

O capitán Rego.- Bah.

Rosaura.- Isto vai mal. Comecemos outra vez.

O capitán Rego.- ¿Como dí?.

Rosaura.- O diálogo. Eu achegueime para falar.

O capitán Rego.- Estamos falando.

Rosaura.- Hai que reconducir o diálogo.

O capitán Rego.- Non sei de que fala.

Rosaura.- Trátame de tú.

O capitán Rego.- Non sei si debo. Eres unha descoñecida.

Rosaura.- Non somos nenos.

O capitán Rego.- Precisamente.

Rosaura.- Eu sentéime aquí para dialogar.

O capitán Rego.- ¿Vive soa?

Rosaura.- E tí.

O capitán Rego.- Tanto ten.

Rosaura.- É inaudito. Primeiro confundeme cun teniente...

O capitán Rego.- ¿Eu?.

Rosaura.- Logo, a seguir, trátame de vostede, coma sin respecto.

O capitán Rego.- Eu non...vera.

Rosaura.- E agora tatexa e négase ó diálogo.

O capitán Rego.- Vostede non quixo bailar.

Rosaura.- Foi unha simulación. Unha resistencia pasiva e mimética, como de insecto pau ou nudibranquio.

O capitán Rego.- Andromenas. Eu non tatexo. Ademais ¿que é un nudibranquio?

Rosaura.- Andromenas non. Vostede non insistiu en bailar.

O capitán Rego.- Foi unha negativa. Eu entendo así.

Rosaura.- Falso. Foi unha dilación. Quería probalo.

O capitán Rego.- Certo e moi certo. Foi unha negativa.

Rosaura.- Deixese de rapazadas. Na vida non hai certidumes.

O capitán Rego.- Isto vai mal. Temos que comezar de novo.

Rosaura.- Por fín algo sensato. ¿Teño que interpretalo coma unha galanura?

O capitán Rego.- Non sei porqué se pon así...Eu...

Rosaura.- ¡Está tonto ou que! Continúa a falar-me de vostede e ademais non sabe o que é un nudibranquio.

A música vai retornando de vagar, con moito ritmo como incitando ó baile. O capitán Rego e Rosaura comezan a mover timidamente os pés facendo percusión nas coxas. Será algo como unha cumbia ou un mambo, con moito timbal.

O capitán Rego.- ¿E?

Rosaura.- Non me gusta.

O capitán Rego.- ¿Bailas, prenda?

Rosaura.- Bailo. (Achegase e ponse a bailar enganchada)

O capitán Rego.- ¿Gustate?

A partir de aquí bailan moi xuntos. O diálogo non se escoita directamente. A música está moi alta. Unha cámara grava a acción e en todos os monitores aparece a imaxe da parella cos subtítulos.

Rosaura.- Non está mal...boa orquesta.

O capitán Rego.- E bó bailarín.

Rosaura.- Ben... reservo a miña opinión.

O capitán Rego.- Olla a tia esta co que ven.

Rosaura.- Non me chames tia. Vas levar cunha luva.

O capitán Rego.- Iso é doutro filme.

Rosaura.- Esto non é un filme.

O capitán Rego.- Se non é un soño e que o paraíso existe.

Rosaura.- Non sexas papán. É só un baile.

O capitán Rego.- Estasme a pisar as dedas.

Rosaura.- Máis o meu favor. Non é un filme. É un baile.

O capitán Rego.- Non te pases.

Rosaura.- ¿Eu? Eres tí o que me acosa.

O capitán Rego.- ¿Eu?

Rosaura.- Si. Tí. Especie de cefalópodo.

O capitán Rego.- ¿Cefalópodo eu?

Deixan de bailar. Separanse. O capitán Rego continua bailando pero cun ritmo menor. A música vai baixando de vagar. Algúns monitores deixan de transmitir as imaxes da parella paralelamente ó descenso da música e o crescendo do diálogo. O diálogo pasa do imperceptible ó desaforado.

Rosaura.- Si. Cefalópodo.

O capitán Rego.- Lurpia.

Rosaura.- Odontogrifo.

O capitán Rego.- Fondona.

Rosaura.- Poliqueto.

O capitán Rego.- Bacante.

Rosaura.- Serpúlido. Picnogónido.

O capitán Rego.- Buscona.

Rosaura.- Megaterio. Perciforme. Zarigüeia.

O capitán Rego.- Putón. Geisha de puti-club.

Rosaura.- Copépodo. Sambesuga. Formigueiro. Iacaré.

O capitán Rego.- ¡Etonnant! ¡Quelle culture!

Rosaura.- ¿Pero fala francés?

O capitán Rego.- ¿Gustalle?

Rosaura.- Excítame. É tan sibilante.

O capitán Rego.- Tiven unha amante que se excitaba co brasileiro.

Rosaura.- Iso depnde moito do brasileiro.

O capitán Rego.- Non entender nada.

Rosaura.- Entendino perfectamente. A súa amante poñíalle os cornos cun brasileiro.

Logo deste impasse de relaxación, o diálogo recrudescese novamente nun sarillo de insultos pouco ortodoxos.

O capitán Rego.- Cobra.

Rosaura.- ¿Que quere decir, marrán?

O capitán Rego.- Serpente. Réptil.

Rosaura.- Soplaitas.

O capitán Rego.- Trombonista.

Rosaura.- Prosma. Mántido. Paniaguado. Burócrata.

O capitán Rego.- Torda. Culibaixa. Paspallás.

Rosaura.- Machista. Bilurico.

O capitán Rego.- Borrachona.

Rosaura.- Lambecús.

O capitán Rego.- Desastrada. Tortillera.

Rosaura.- Arrrgg. Machista. Violador. Sátiro.

O capitán Rego e Rosaura enleanse nunha pelexa máis verbal que física.

Escena II

(Donato, vello supostamente trastornado; Silverio, vello que se mete onde non o chaman, dous coidadores de tolos)

Agora son outras dúas personaxes na dereita de escena que fican sós en cámara escura, illados pola luz do resto do escenario. Sentados cadanseu na súa cadeira, teñen a ollada perdida. Semellan esperar desde hai tempo.

No xardín. Só que agora o xardín ten mudado. A parede do fondo antes cuberto por un tapiz averdazado a modo de parede cuberta por hedras, ten dado paso a unha parede composta por nove pantallas de video no que se proxectan imáxes de nenos xogando e de animais salvaxes mesturadas co son da rapazeada e con sonido de paxaros mentres no guión non exista outra especificación. As imaxes irán discorrendo con lentitude e non sempre avanzarán senón que as veces quedarán conxeladas ou mesmo irán no sentido reverso. Chegan os coidadores de tolos, de batas brancas e aspecto de levantadores de pedras, algo lerdos e zoupóns. Sitúanse ós costados de Donato. Reduceno con suaviade, pero con firmeza).

Coidador de tolos primeiro.- Veña connosco.

Coidador de tolos segundo.- Acompañenos.

(cambio de olladas fite a fite entre Donato e Silverio).

Donato.- (tentando liberarse) ¿Eu?.

Coidador de tolos primeiro.- (reafirmando a presa) Si, vostede.(Enérxico). Axiña.

Donato.- Pero...¿porque?

Coidador de tolos segundo.- Dubida o señor da nosa función.

Donato.- ¿Porque eu? ¿Porque aquí?

Coidador de tolos primeiro.- Son ordes superiores.

Donato.- ¿Superiores de quen?

Coidador de tolos segundo.- As cuestións...

Coidador de tolos primeiro.- Facemolas nos.

Donato.- Esto é un abuso.

Silverio.- Si, un abuso.

Coidador de tolos primeiro.- Vostede a calar.

Coidador de tolos segundo.- Non vai con vostede. (Ameazador) Nin un chio.

Donato.- Esto é inaudito.

Coidador de tolos segundo.- Axiña. Axiña. Non temos todo o día.

Donato.- Eu non me movo de aquí.

Silverio.- Ten os seus dereitos.

Donato.- Eso. Os meus dereitos.

Coidador de tolos primeiro.- Nin dereitos nin farrapo de gaita.

Coidador de tolos segundo.- Veña connosco e non se fale máis.

Silverio.- Non se vai mover.

Donato.- Non me vou mover.

Coidador de tolos segundo.- Teremos que recurrir á forza.

Coidador de tolos primeiro.- A forza. Teremos que recurrir á forza.

Donato.- Pero...razonen.

Silverio.- escoiten.

Donato.- Eso, escoiten.

Coidador de tolos primeiro.- Pagannos para actuar.

Coidador de tolos segundo.- Non para escoitar.

Coidador de tolos primeiro.- Temos ordes estrictas.

Coidador de tolos segundo.- Mesmo unha estricta orde escrita.

Donato.- Quero vela.

(Os cuidadores de tolos ollanse con sorpresa e incredulidade. Quadan irreactivos).

Silverio.- Sen unha orde escrita non poden actuar.

Donato.- Eso, eso. Quero ver esa orde estricta.

Coidador de tolos primeiro.- E a primeira vez que acontece.

Donato.- ¿O que é a primeira vez? ¿Que me queren levar á forza? Por suposto que é a primeira vez.

Coidador de tolos primeiro.- O nos demandaren a orde escrita. É a primeira vez.

Coidador de tolos segundo.- Non me gusta nada. Tanta resistencia. Ademais... piden unha orde estricta.

Coidador de tolos primeiro.- (Folleando un pequeno manual que tira do peto). Aquí non dí nada. Aquí non fala de ordes escritas nin de ordes estrictas. Aquí fala de como educir ós sospeitosos.

Coidador de tolos segundo.- (Dirixíndose a Silverio) Si non dí nada...

Silverio.- Sendo así, non poden actuar.

Coidador de tolos segundo.- A ver si vamos ter que levalo a vostede tamén. Atorrante.

Coidador de tolos primeiro.- É unha orde.

(Na parede do fondo aparece unha imaxe sincopada que repite cun certo retardo as imaxes e o son do que se produce no escenario, de xeito que actúa coma unha caixa de resonancia de imaxes e sons do que acontece, coma un eco de imaxes e sons)

Coidador de tolos segundo.- E unha orde é sempre unha orde. Non se discuten.

Donato.- É ridículo.

Silverio.- ¿Teñen a orde ou non a teñen? Se non hai orde non hai acción legal.

Coidador de tolos primeiro.- Pode que estea no coche.

Silverio.- Non vale. Se está no coche non vale.

Donato.- Tería que estar aquí. Se está no coche non vale.

Coidador de tolos segundo.- (Mirando cara ó outro cuidador) Teñen razón. Tería que estar aquí. Se está no coche non vale.

Coidador de tolos primeiro.- Está no coche. Seguro. Logo non vale.

Coidador de tolos segundo.- Unha orde do xuíz.

Coidador de tolos primeiro.- Do xuíz. Está no coche do xuíz.

Silverio.- E onde está o xuíz.

Coidador de tolos primeiro.- Basta xa de preguntas.

(Os coidadores, moi decididos, collen a Donato en volandas).

Silverio.- Non poden facer eso. Denunciareinos.

Donato.- Faga algo. Estos castróns levanme preso.

Silverio.- Non poden facer eso.

Os Coidadores de tolos .- (moi decididos falan ó mesmo tempo) Vexa como podemos.

Donato.- É unha inxustiza.

Silverio.- Alto. Isto é moi irregular.

(O coidador de tolos primeiroponse a discutir con Donato e o outro coidador fai o propio con Silverio, falando ós catro un por riba do outro. Galimatías. Confusión. Marmurio de conversacións entrecortadas que se mesturan. Altos e baixos)

Coidador de tolos primeiro.-Vostede (Dirixíndose a Silverio) Axiña.

Silverio.- ¿Eu?

Donato.- ¿El?

Coidador de tolos primeiro.- Si, él.

Silverio.- É unha confusión (sinala a Donato). Non pode ser. Viñeron a por el. Teñen unha orde escrita. Mesmo temen unha estricta orde escrita no coche do xuíz.

Coidador de tolos primeiro.- Deixese de andromenas. Tanto ten. Se está no coche non vale. Tería que estar aquí.

Coidador de tolos segundo.- Axiña.

Donato.- Isto é moi irregular. ¿Onde está a orde escrita?

Silverio.- Cale xa. Está a enlealo todo.

Donato.- ¿Eu?.

Silverio.- Si, vostede. ¿que lles dixo?.

Donato.- A verdade.

Silverio.- ¿A verdade? Pensei que era un secreto entre nós.

Donato.- A verdade. Só a verdade.

Silverio.- A súa. A súa verdade.

Donato.- Amigo. O mundo da voltas.

Coidador de tolos primeiro.- (ollando ó seu colega. Asentindo coa cabeza mentres fala).
Moi razoable. Da voltas.

Coidador de tolos segundo.- Da voltas polo seu eixo.

Coidador de tolos primeiro.- E arredor do sol.

Donato.- Sabían que o eixo da terra cambalea.

Silverio.- ¿Cambalea?.

Coidador de tolos primeiro.- ¿De que fala?.

Coidador de tolos segundo.- Está tolo. Non o ves. (Repíte dúas veces. Fai acenos dunha bola do mundo a xirar sobre o seu eixo. Esaxeradamente) O eixo da terra cambalea. O eixo da terra cambalea (pensativo). Cambalea.

Coidador de tolos primeiro.- Cambalea.

Silverio.- Ben, agora está máis claro. É él e non eu o que está tolo. Non eu.

Donato.- ¿Tolo eu? Vostede delira.

Coidador de tolos segundo.- Delira.

Coidador de tolos primeiro.- Delira.

Coidador de tolos segundo.- Logo estamos no bó camiño. Delira.

Coidador de tolos primeiro.- Delira. A terra cambalea. Delira.

(Donato e Silverio manteñen un tirapuxa, un forcexo violento. Caen no chan a se dar puñons e golpes baixos. Nas pantallas aparecen distintos tipos de pelexas. Dous rapaces nun patio; un combate de sumo; un combate de box; un fragmento dun filme de romanos).

Coidador de tolos primeiro.- Alto. Alto.

Coidador de tolos segundo.- (Separándoos) Non rifen.

Coidador de tolos primeiro.- Temos que levar a ún. Son as ordes.

Coidador de tolos segundo.- As ordes.

Silverio.- (Sinalando a Donato) A él.

Donato.- (Sinalando a Silverio) A él.

(Donato e Silverio ollanse de fite en fite. Conxenreira e moita mala uva. Voltan a rodar polo chan coma nunha pelexa de pillabáns. Mentres están no chan comeza unha disputa entre os coidadores de tolos. No escenario hai agora catro voces a berrar a todo pulmón. Nunha desas Silverio consegue ceibarse da presa de Donato e fuxe pola esquerda).

Donato.- A por él. (Donato acena coma un comandante de húsares ou un xeneral de brigada).

Na parede do fondo hai imaxes de chamado á batalla. Kirk Douglas en "Sendeiros de Gloria" ou Groucho Marx en "Sopa de Ganso"

Coidador de tolos segundo.- (Facendo aceno de comezar a persecución) A por él.

Coidador de tolos primeiro.- Diso nada. Acouga.

Coidador de tolos segundo.- ¿Como dís?.

Coidador de tolos primeiro.- Que acougues. Temos un. Chega.

Donato.- Pero el fuxiu. Proba de culpabilidade.

(Na parede do fondo reproducense imaxes da fuxida, sincopadas, repetidas ata a reiteración, unha e outra vez, pasando unha imaxes dunha pantalla a outra de xeito que se cree unha dinámica obsesiva pola velocidade das imaxes. O incrementmo na velocidade das imaxes irá parelo o incremento na velocidade da fala dos actores, de xeito que cheguen a atrapallar o discurso, repetíndose certos fragmentos.)

Coidador de tolos primeiro.- Non. Todo o contrario. Proba do seu equilibrio.

Coidador de tolos segundo.- Vostede non fuxiu.

Coidador de tolos primeiro.- Comportamento anómalo.

Coidador de tolos segundo.- Tivo oportunidade e non fuxiu. É un comportamento anómalo. Todo o que pode fuxir dun perigo fuxe, non se queda apampado ollando para a nada.

Coidador de tolos primeiro.- Desequilibrado.

Coidador de tolos segundo.- Absurdo.

Coidador de tolos primeiro.- Demoslle unha oportunidade.

Coidador de tolos segundo.- Sempre damos unha oportunidade.

Coidador de tolos primeiro.- Sempre unha oportunidade...

Donato.- Pero eu son un tio legal.

Coidador de tolos segundo.- É un parvo que non sabe aproveitar unha oportunidade.Vostede nonfuxiu.

Donato.- ¿E iso quen o dí?

Coidador de tolos primeiro.- Eso decidimolo nos.

Coidador de tolos segundo.- Decidimolo nos, que somos dous. E punto.

Donato.- Tolos. Están tolos. Non atenden a razóns.

Coidador de tolos segundo.- Tolos. Si. Detemos un ou dous por día.

Coidador de tolos primeiro.- O noso traballo.

Coidador de tolos segundo.- O noso traballo.

Coidador de tolos primeiro.- Maiormente no verán.

Coidador de tolos segundo.- A xentiña andalle moi exaltada.

Coidador de tolos primeiro.- A calor...

(Van deixando as frases colgadas que continúan alternativamente)

Coidador de tolos segundo.- A lonxitude do día...

Coidador de tolos primeiro.- Na proximidade do mar...

Coidador de tolos segundo.- Esquizofrénia. (Pausa) Na montaña...

Coidador de tolos primeiro.- Depresión endóxena. (Pausa) Na gran cidade...

Coidador de tolos segundo.- Psicoses maníaco-depresivas. (Pausa) Cos video xogos...

Coidador de tolos primeiro.- Catalepsia. (Pausa) Cos ordenadores...

Coidador de tolos segundo.- Epilepsia. (Pausa) Coa polución...

Coidador de tolos primeiro.- Narcolepsia...

Coidador de tolos segundo.- (Axitado) Non non. Narcolepsia non. Fallaches. Ganei. Ganei outra vez (Celebrandoo)

Coidador de tolos primeiro.- Sempre fas trampa. És un trampón. Desde pequeno.

Coidador de tolos segundo.- Sempre. É parte do xogo. Aprendino de neno.

Donato.- É unha inxustiza. O meu avogado. Quero ver o meu avogado.

Coidador de tolos primeiro.- Quere ver o seu avogado.

Coidador de tolos segundo.- Un avogado é menos cun xuíz.

Coidador de tolos primeiro.- Temos orde do xuíz.

Coidador de tolos segundo.- Daquela... Nada que facer.

Coidador de tolos primeiro.- Sexa comprensivo. Temos orde do xuíz.

Coidador de tolos segundo.- É só o noso traballo.

Coidador de tolos primeiro.- Non temos nada en particular contra vostede.

Donato.- É unha inxustiza. Reparen eu... (Derrubandose física e moralmente en saloucos).

Coidador de tolos primeiro.- Non hai inxustiza nunha decisión arbitraria.

Coidador de tolos segundo.- Esta decisión é arbitraria.

Coidador de tolos primeiro.- Logo é xusta. Debería de o saber.

Coidador de tolos segundo.- Non digas parvadas. Vaite sair un sarabullo.

Donato.- Están tolos. Falan sin senso.

Coidador de tolos primeiro.- Xa ves. Típica reacción de desprazamento. Poido fuxir e non fuxiu. Comportamento anómalo.

Coidador de tolos segundo.- Si. Típico.

Coidador de tolos primeiro.- Morte á razón.

Ambolosdous coidadores.- Morte á razón.

(Aplaudense. Fan un circo arredor de Donato e bailan).

Coidador de tolos segundo.- Baila. Baila.

Donato.- (de xeonllos) Pero non pode ser. Eu non fixen nada, por iso non fuxin. É un erro. Eu non estou tolo.

Coidador de tolos segundo.- Falta de lóxica.

Coidador de tolos primeiro.- Morte á lóxica.

Coidador de tolos segundo.- Morte ós lóxicos... e ós éticos...

Coidador de tolos primeiro.- Morte... Morte ós estéticos.

Donato.- Deixenme tranquilo...non...non...

Coidador de tolos primeiro.- Mira como chora.

Coidador de tolos segundo.- É un esteta do pranto.

Coidador de tolos primeiro.- É un esteta... Morte.

Coidador de tolos segundo.- ...do pranto. Morte.

(Na parede do fondo vense imaxes do traslado á cela do psiquiátrico, da súa entrada e a súa desesperación. Alternaríanse imaxes do exterior do edificio, da cela baleira, de Donato entrando na celda, de primeiros planos dun electroschock, de alguén inxectándolle un tranquilizante, dunha bandexa chea de pilulas, con pequenos fragmentos de filmes de xénero como "Alguén voou sobre o niño do cuco", "Espertares", "O gabinete do doctor Calighari", ou de representacións teatrais como "Marat-Sade". Mentres no escenario segue o forcexeo por uns intres apagándose as voces que dan paso a unha música experimental de percusión e corda puramente reiterativa, podendo ser mesmamente un pequeno fragmento pregrabado e repetido ata o delirio. Unha vez que as tres persoaxes abandonaran o escenario as nove pantallas compondran unha soa imaxe, a dun home cunha camisa de forza).

Escena III

(Maiz, individuo atorrante, Seoane, individuo atorrante)

Agora a luz illa outro lugar do parque. Nos monitores amosaranse escenas da acción noutros lugares do parque en tanto que na pantalla do fondo irán aparecendo os debuxos que fagan Maiz e Seoane e imaxes deles dous retrasadas do diálogo.

Maiz.- A vostede pareceralle mentira o que lle vou contar.

Seoane.- Conte e deixese de prexuízos. Non hai nada peor cós prexuízos.

Maiz.- Iso é unha certeza.

Seoane.- Imos mal así.

Maiz.- Así, ¿como?

Seoane.- Coas certezas. Non se vai a ningures con certezas.

Maiz.- Iso tamén é un prexuízo.

Seoane.- Pode ser. Nunca o mirei así. Sempre coidei que dudar era bo.

Maiz.- Necesitaría unha lente.

Seoane.- Se cadra.

Maiz.- Eu o teño claro. Non lle vai gustar o que lle vou contar.

Seoane.- Para estar deprimido, ten moi bo aspecto.

Maiz.- Home. Graciñas. Facía tempo que non me dicían unha galanura.

Seoane.- Non lle preocupa que veña dun home.

Maiz.- Non lle son moi esquisito para isas cousas. Ademais o ego é o ego e ten fame compulsiva. Tanto lle da o sexo do que o alimento.

Seoane.- En todo caso fágolle xustiza. Non sei como sería de mozo, pero debeu ser moi atractivo.

Maiz.- Só quixera que o vira. Un brazo de mar. Non me faltaron pretendentes. Non.

Seoane.- ¿Mulleres, supoño?

Maiz.- Daquela o mundo era distinto. Hoxe coido que me deixara tentar tamén polo peixe.

Seoane.- Din que é moi saludable.

Maiz.- ¿O que?

Seoane.- Xa me entende.

Maiz.- Só a medias.

Seoane.- Non sei se é un pouco curto de entendedeiras ou se me quere turrar da lingua.

Maiz.- Pode pensar o que queira. As veces teño a impresión de que perdemolo tempo, con tanta castidade viril e tantas andrómenas.

Seoane.- Tarde piou.

Maiz.- Non me fale. Non me fale. Foron anos moi escuros.

Seoane.- Coidei que andaba á procura de conversa.

Maiz.- A verdade é que o que lle teño que contar é moi importante.

Seoane.- Iso pásase co tempo. As cousas que se pasan co tempo non son importantes e no fin, todo pasa co tempo.

Maiz.- ¿Mesmo o cancro?

Seoane.- Iso do que máis. É como ter unha renta e ila gastando. No remate non queda nada.

Maiz.- Agora é vostede o que está seguro, mesmo no seu nihilismo.

Seoane.- Son as contradicións. O motor das nosas vidas.

Maiz.- Non me faga rir. É unha teoría absurda. Tan absurda coma esta conversa diletante que impide que eu lle conte o que lle quero contar ou como esa que dí que só existe...

Seoane.- ...o que se pode medir. Non van por aí os tiros. Eu falaba de contradicións como áreas de sombra nunha superficialidade inzada de certezas.

Maiz.- A vida é outra cousa. Non hai nada que sexa branco e negro ó mesmo tempo.

Seoane.- Un oso panda é branco e negro ó mesmo tempo.

Maiz.- Tamén un taboleiro de xadrez, ou a tinta chinesa encol do papel de arroz. Non me faga poñerme estupendo. Descendo ata o peor de min mesmo.

Seoane.- Non se sente á vontade na poesía. É mesmo extraño. Coidei que era un home feliz. Falsamente deprimido e feliz. Digollo de corazón.

Maiz.- Non sei como pode dicir que son un home feliz se non me deixa que lle conte ás miñas mágoas. Para ser feliz non hai motivos. A felicidade non pode ser reactiva.

Seoane.- Non pretenderá facer unha transferencia psicoanalítica. Eu non lle teño tempo para trapalladas de amadores. Par iso están os confesonarios ou os diváns dos psiquiatras ou os teléfonos da esperanza, os clubs de xubilados ou os programas esos da televisión, onde cadaquén fala das súas doenzas e do ben que lle vai con este ou con aquel medicamento, con este ou con aquel amor. Comprenderá que un parque está para tomar o sol...

Maiz.- Aquí non hai sol nunca. É un país triste. Sen estado e sen goberno.

Seoane.- O do sol era un falar. Está para ver xogar os nenos.

Maiz.- Xa case non hai nenos. Ademais agora están nas guarderías, non nos parques.

Seoane.- E iso porqué.

Maiz.- Teñen frío. Aquí xa nunca hai sol. Os gobernates levaronse o sol e a ledicia.

Seoane.- Está obsesionado coa ausencia de sol. Sempre foi así, nove meses de ceo anubrado e tres meses de inestabilidade e moitas sorpresas. Así desde que eu teño memoria.

Maiz.- Ou sexa... desde que os animais falaban.

Seoane.- Non sexa desagradable. Non lle levo tantos anos.

Maiz.- A verdade é que non sei se iso me fai feliz.

Seoane.- Se non pode dicir que é feliz, así coa boca grande das verdades, é porque non o é. Se o intenta seriamente pode que chegue ata a creelo. Ser feliz é unha cuestión de fe.

Maiz.- Non sei se se pode afirmar...

Seoane.- ...categóricamente. Por suposto.

(Pausa longa no diálogo. Nentanto ambosdous fan un deseño na area con cadanseu garabullo. Nas pantallas laterais esvaense as imaxes do seguimento do parque e aparecen as imaxes do que cadanseu foi debuxando no chan)

Maiz.- ¿Que é o que debuxou?

Seoane.- Unha medusa.

Maiz.- Semella máis ben un paraguas.

Seoane.- Para mín é unha medusa. Para vostede é un paraguas. ¿Aberto ou pechado?

Maiz.- Semiaberto.

Seoane.- Semipechado.

(Nunha das pantallas repitese o diálogo desde "¿Que é o que debuxou?" ata "Semipechado. Haberá voces en off que repitan o que se dixo.)

Maiz.- Daquela concorda connigo. Debuxou un paraguas semipechado. Non o vaia negar agora. Son as súas palabras. Semipechado.

Seoane.- Non intente ensarillarme cunha raposería tan simple. Non faga trampas nin intente manexar o diálogo. Non é o seu estilo... nin o meu deixarme levar.

Maiz.- Non se alporice. Non teño interese en rifar. Eu só lle quería contar unha cousa que me aconteceu antesdonte. Levo dous días maquinando e non lle la puiden contar a ninguén. Se quere procuramos unha terceira opinión.

Seoane.- Que terceira opinión nin que farrapo de gaita. É o meu debuxo. Eu debuxei unha medusa e non un paraguas. Ademais ¿onde está o mango? ¿É? ¿Onde está o mango?

Maiz.- ¿E os tentáculos? ¿Onde están os tentáculos?

Seoane.- No meu maxín. ¿Onde logo?

Maiz.- Non me veña agora con que ten tentáculos no cerebro. Non o creo.

Seoane.- ¿E quen lle di que non os teño?

Maiz.- A razón. A razón di que non ten tentáculos na cabeza.

Escena IV

(Maiz, Seoane, mozo cun can)

Seoane.- Imos sair de dúbidas (Fai acenos ó mozo que se achega de contado) Mozo, ven acá. Fai o favor.

Mozo cun can.- Diga señor. ¿Que é o que quere?

Seoane.- ¿Tes presa?

Maiz.- Que importa se ten presa ou non. O importante é que diga o que ve nos deseños. No meu e no seu.

Seoane.- E o meu o que está en causa.

Maiz.- Como quera.

Mozo cun can.- Digan xa o que queren de min. ¿Podo seguir paseando o meu can ou teño que esperar moito aínda? Se cadra non teñen nada que facer, pero eu si. Aínda teño que ir á Facultade e despois á lavandería e o super e preparar a cea para min e para Sultán, e todo iso. Non se pode dicir que teña o día libre ¿Explicome?

Maiz.- Como un libro aberto, rapaz. Pero, anda, dille ó teu can que non mexe enriba dos nosos deseños.

Mozo cun can.- O can elle xordo e eu non sei como lle falar.

Maiz.- Tanto ten se é xordo como se non. Ti és o responsable.

Mozo cun can.- Sultán, recua.

Seoane.- Moveuse. O can moveuse.

Maiz.- ¿Que ten iso de estraño?

Seoane.- É xordo. El dixo que o can era xordo.

Mozo cun can.- Ben, señores. Se non mandan nada máis o meu Sultán e máis eu temos que irmos camiño da casa. Faise tarde.

Maiz.- Será xordo pero non parapléxico. Recuou porque o mozo turroulle da correa cara el.

Mozo cun can.- Voume. (Indose) Que teñan boa tarde.

Escena V

(Maiz, Seoane, un Garda urbano)

Seoane.- Quedamos sen xuíz. É natural. Botouno todo a perder dicíndolle o do can.

Maiz.- Non creo que ó can lle importase moito. É xordo.

Seoane.- O can pode, pero o dono non. A quen se lle ocorre espantar á xente. Así non hai xeito de dar cun mediador.

Maiz.- ¿Quen precisa dun mediador? Aquí non hai guerra. E para saber se este deseño é unha medusa ou un paraguas non fai falla mediación alguna nin ter tentáculos na cabeza. É un deseño, non un obxeto.

Seoane.- Creo que está desviando a discusión. É un diletante da peor especie.

Maiz.- Eu só lle dixen que apartase o can. Estaba a desfacer o meu deseño.

Seoane.- ¿Que deseño?

Maiz.- Qué deseño vai ser. O meu. Mentres vostede facía un paraguas eu facía unha leituga.

Seoane.- Copioume outra vez. É un plaxiario innoble. Ou sexa que se eu fago un deseño vostede ten que facer un deseño, e se eu fago unha medusa, vai e me plaxia o deseño. Virao co de enriba para abaixo e fai un marullo.

Maiz.- ¿Que é iso dun marullo? Nunca tal cousa escoitei. Ademais, eu intentaba recapacitar para lle contar o que me aconteceu. Fagoo decote. Mentres penso no que vou dicir fago deseños, cun garabullo ou cun lápiz, cun estilo ou cun pincel.

Seoane.- Non se faga o interesante. Nunca escoitou tal cousa porque é un ignorante. Todo o mundo sabe o que é un marullo. En canto pase alguén imoslle preguntar. Así quedará en evidencia o seu grao de desinformación.

Maiz.- Eu non lle faltei ó respecto. Faga o favor de disculparse.

Seoane.- Non me sexa tiquismiquis. Non sabe o que é un marullo e iso é o que lle doe. Está moi pagado de sí, tense por un ilustrado e por moi de metrópole e non sabe distinguir un marullo dun carrapucho e vai por aí con aires de sabedor. Habería que aforcar a quen o educou.

Maiz.- Non lle permito que poña en dúbida a miña educación. Sonlle enfermeiro diplomado e ademais estudei nun colexio de moita sona e nunca tal oín de marullos e carrapuchos. De seguro que son invencións súas de vello despistado.

Seoane.- Non se anoxe. Os marullos existen desde sempre alá na beiramar, e os carrapuchos tamén. O que pasa é que para os bárbaros da cidade unha alga é unha alga é unha alga do mesmo xeito que para algúns unha rosa é unha rosa é unha rosa e todas son iguais e só varían na cor. Vostede é de cidade e non ten a culpa de que lle

ensinaran tan mal. Seguro que as únicas veces que visitou a beiramar foi para se torrar ó sol ou para fartarse de marisco, e disto último ben pouco.

(Aparece por un lateral un garda municipal).

Seoane.- Se non asusta a esta testemuña, xa logo sairemos de dúbidas.

Maiz.- Eu non teño dúbidas. Ademais, que vai saber un garda. Seguro que non ten nin o ensino primario.

Seoane.- Que antigo é, meu señor. Agora non é como antes. Olle, ata fala por un mancontro deses. Seguro que ata ten carreira universitaria. Olle que limpiño ten o uniforme. Olle para isa queixada de top-model.

Maiz.- A onde imos chegar. Resulta que agora para seren garda municipal haberá que ter estudos universitarios, saber informática e ter un master en comunicación e relacións públicas. Ah, e saber varios idiomas e artes marciais e a ser posible ter fasquía de gladiador ou mercenario, de puto ou de gaitero.

Seoane.- Nin tanto, non esaxere, que se lle vai a olla, pero un pouco de cultura e boas maneiras non lles ven mal. Conte que teñen que atender ó público, que ás veces teñen que mediar en situacións difíciles... Vouno chamar... seguro que vai ser moi amable. (Seoane fai un aceno cara ó garda. Este deixa de falar polo mancontro e ven cara eles)

O garda urbano.- Bos días (Saudando).

Seoane e Maiz.- Bos días (Maiz fai aceno de saudar. Seoane ollao como con aire sorprendido).

O garda urbano.- ¿En que é que eu podo axudalos?

Maiz.- Temos unha dúbida.

Seoane.- El se cadra ten unha. Eu teño dúas.

O garda urbano.- Xa son tres. Iremos unha a unha.

Seoane.- (A Maiz) Xa lle dixen. Son como máquinas. ¡Que clarividencia! ¡Que profesionalidade! ¡Que método!

Maiz.- (O garda) Non lle preste atención. Os anos, xa sabe. No primeiro perden a memoria e logo xa todo é unha desorde.

O garda urbano.- Hai quen o leva mellor.

Maiz.- Moitas gracias.

Seoane.- Se cadra non era por vostede.

O garda urbano.- Era unha xeneralización. Non pretendía ofender a ninguén.

Maiz.- (Sinalando o deseño que está diante dos seus pes). Este home di que isto é un marullo.

O garda urbano.- Non home. Iso de semellar a algo semella a unha leituga. Quizais un pouco fosca,pero unha leituga.

Maiz.- (A Seoane) Ve o que lle dicía eu. Xa mesemellaba a mín que vostede era espabilado de máis. ¿A qué non existen os marullos, señor garda?

O garda urbano.- Os marullos, os marullos. Eu escoitei falar de marulos, e de mallos, e de maruxos, pero de marullos... Esperen un momentíño nada máis (Enarbola o mancontro na man dereita. Olla con satisfacción de pillabán que tivera un xoguete único no barrio)...vou chamar á Central. (Comeza o seu diálogo simulado coa Comisaría) Oes Manuel... Aquí Alfa dois chamando á Central... Manuel, escoitas ou qué... Mancontro no parque xa te dixen...teño un problema cun marullo... un barullo non, un marullo... MIKE... ALFA... ROMEO... UNIFORM... LIMA... LIMA... OSCAR... Marullo, si... Deixate de bromas que isto é moi serio.... ¿Que non sabes o que é un marullo?, pero tí non eres cabo... Está ben... Está ben... Pregúntalle ó sarxento Quintáns... Que está na cantina... Bueno. No comment. Chamote logo. (Dirixíndose a Maiz e a Seoane, que semellan moi divertidos coa conversa do garda) Estamos investigando. Eu pode que teña un lapsus linguae, pero o sarxento Quintáns é unha máquina. En canto se reincorpore ó servizo teremos unha chamada.

Maiz.- Xa lle dixen a este home que os marullos non existían.

O garda urbano.- Pois a min xa me soa. O máis probable é que salgamos de dúbidas en canto o sarxento...

Maiz.- ...deixe a cantina.

Seoane.- E isto que diría vostede que é.

O garda urbano.- Vaia pregunta. É un deseño feito cun garabullo.

Maiz.- Elemental, querido garda.

O garda urbano.- Non se moque da autoridade. Non lle lo permito. Hai que ir paso a paso, do Universal ó particular. Aprendino na Academia.

Seoane.- Diga que sí. Ben falado.

O garda urbano.- Non hai de qué. Semella un animal mariño.

Seoane.- Vai ben.

O garda urbano.- (Semella facer un gran esforzo deductivo. Seoane soplalle algo no ouvido). Unha medusa. Claro, unha medusa. Non hai máis que velo. (Dirixíndose a Maiz). ¿Tamén é obra súa?

Maiz.- Non o meu é a leituga.

Seoane.- O seu é o marullo.

Maiz.- Non lle faga caso. Xa vin que lle soplou á orela. Isto é claramente un paraguas.

O garda urbano.- A quen se lle ocorre deseñar un paraguas sen mango e así, semipechado.

Maiz.- Que me dí dunha medusa sen tentáculos.

O garda urbano.- Agora que o dí...

Maiz.- Non ten tentáculos...

Seoane.- Nin mango.

O garda urbano.- (Recuperándose. Afirmándose en si mesmo) Semella unha tenda de campaña. Si, unha desas tendas de alta montaña. Como as que saen nas reportaxes de alpinismo. Non lle gustan as reportaxes de alpinismo. Son os meus favoritos. Coido que non podería vivir nun país sen montañas. Aquí non hai moita neve, nin grandes cumbres como as do Himalaia ou as dos Andes, pero hai montañas por todas partes. Son como puntos de referencia na paisaxe. Axudan a superar a depresión dos espazos abertos.

Maiz.- Iso tamén o aprendeu na Academia.

O garda urbano.- ¿O qué?

Maiz.- Toda isa psicoloxía barata, das montañas, da depresión e todo iso. Moita Academia pero non sabe o que é un marullo.

O garda urbano.- (Retraéndose) Sinto non os poder axudar. Teño que continuar a miña rolda polo parque. En canto comuniquen de novo da Central e me digan o que é un marullo xa pasarei a lles dar noticia. Nentanto, que teñan unha boa tarde.

Maiz.- Boas tardes... (polo baixo, nun aparte cara F,)licenciado.

Seoane.- Boas tardes, axente. E non se preocupe moito por nós. (sinalando a Maiz) tampouco sabe o que é un marullo, e iso é o que o cabrea.

(Sae o garda. Quedanse Maiz e Seoane).

Escena VI

(Seoane, Máiz)

Seoane.- Recoñezo que estaba equivocado co garda. Non tiña nin idea. Algúns estereotipos de manual e pouco máis. (Silencio) Era educado, e de boas maneiras e iso sempre é de agradecer e no primeiro case me engaña, cando comezou con toda aquela comedia de ir do universal ó particular e todo aquilo.

Maiz.- Mesmo chamou ó cabo, que debía ser un lerdo de moito coidado. Houbolle que deletrexar a palabra, para que lle-la transmitira o sarxento Quintáns, que estaba na cantina.

Seoane.- Si, o detalle da cantina o pudo obviar. Tiñan que controlar algo máis cos mancontros, fan pública a vida privada e iso non sei... non sei... pero ponme nervioso. A privacidade é unha esencia do home. Nos non tiñamos porque saber que o sarxento Quintáns se pasa a vida na cantina...

Maiz.- O intuimos, ademais que máis sabemos, pode que sexa un adicto ó café, ou os encrucillados, ou a conversa... Non hai porque deducir que vai á cantina a empinar. Iso é un prexuízo.

Seoane.- Pode ser, pero o ton de voz daba para entender que había unha complicidade entre eles. Como se o respecto que lle debían o sarxento se disipase polo feito de estaren na cantina. Iso non pasaría se o sarxento bebese café, ou tónica, ou limonada. Non sei si me entende.

Maiz.- Non sei onde quere chegar, pero o entendo. Deixemos iso. (silencio). E agora, dígame de corazón ¿Existen os marullos ou se está a moquear de min?

Seoane.- Lonxe da miña intención moquearme dalguén que se achega a min para me contar o que lle preocupa. Aprendín xa fai moitos anos a respetar as opinións dos demais. Muda-las miñas propias xa me custa algo máis, todo hai que dicilo. (Sinalando o deseño de Maiz). ¿Pensa realmente que isto é unha leituga? Ben, eu teño que o respetar, porque o deseño é seu, ou máis propiamente foi vostede quen o fixo. Do mesmo xeito (muda agora a dirección do súa ollada cara ó seu deseño), que este o meu deseño é unha medusa, e aínda que diga que non ten tentáculos, para min que o debuxei continúa a ser unha medusa, se cadra unha medusa mutante sen tentáculos, ou unha medusa que perdera os tentáculos, pero nunca un paraguas. Eu non debuxaría xamais un paraguas sen mango e ademais, semipechado. ¿Entende? Son dúas formas de percibir a mesma realidade.

Maiz.- Si, pero...

Seoane.- Se hai moitos peros é mellor que non sigamos falando. Vostede segue a ler no seu xornal e eu lio o meu xaruto e poñome a ver pasa-lo tempo e tan ricamente.

Maiz.- Non se poña así. Só lle quería contar a miña historia...

Seoane.- Non lle estou para moitas historias. Doenme os poucos dentes que me quedan. Para historias estou eu... (Ponse a liar)

Maiz.- Veña, veña. Non sexa ruín. Estamos aquí para nos axudar.

Seoane.- Iso o dirá o meu señor. Eu estou aquí para liar o meu xaruto e fumalo sen moita preocupación. Na casa non me deixan. A xente estalle moi intolerante con iso do tabaco.

Maiz.- Daquela negase a escoitar.

Seoane.- Non poña na miña boca palabras que eu non dixen. Iso é moi grave. Non é só unha manipulación senón unha injuria.

Maiz.- Perdoeme, Eu quixen advertir...

Seoane.- Pois decatouse mal, moi mal. Eu so dixen que estou aquí para liar o meu xaruto e non para axudar a ninguén, como pretende. Ese non é o meu obxectivo na vida, polo menos no que me queda de vida, que se cadra non é moito. O de ser o bo samaritano nunca se me dou ben, quizais porque eu lle son da banda de Corrubedo e non de Samaria.

Maiz.- Iso o explica todo.

Seoane.- ¿Que é o que explica o qué?

Maiz.- Todo.

Seoane.- ¿Que todo?

Maiz.- Si home, que fale sempre de cousas de mar, que onde eu vexo paraguas e o garda unha tenda de acampar, vostede vexa unha medusa e onde eu vexo unha leituga, e por certo o garda tamén vía unha leituga, vostede fale dunha alga esticada nunha rocha. Ademais, ese alento marusio e ese xeito de liar o tabaco que xa só se pode ver nas vilas da beiramar.

Seoane.- Isa é boa ¿Que é iso do alento marusio? ¿Unha nova fragancia disas que anuncia na televisión? (Virandose súpetamente cara a Maiz) Estame insultando... porque se é que me está insultando saberá que eu non lle faltei ó respecto, e que non lle permito que o faga. Eu son home de honra. Pobre, pero de honra e ben probada.

(Achégase novamente o mozo que vai paseando o can)

Escena VII

(Maiz, Seoane, mozo co can)

(Ladra o can. Maiz fai acenos coa man. O mozo olla para el pero fai como que non o ve).

Maiz.- Mozo. Achéguese un momento. É so un instantiño. Escoite, rapaz.

Mozo cun can.- (Achegándose) Outra vez. ¿É que un non pode pasear o can tranquilamente?

Maiz.- Dificilmente, rapaz. O paseo cos cans por un parque público, nunca é unha cerimonia tranquila. Sempre hai outros cans que se anoxan e ladran e pode ata escapar do control dos seus donos. Hai xente que non gusta dos animais e que pola mínima, unha lambida do pantalón, unha pouta no abrigo, un susto simplemente montan unha lea de mil diaños. Hai nenos que fan trasnadas,... xa se sabe. Os parques públicos son o peor lugar para pasear un can...

Seoane.- Deixese de latriqueos baratos e vaia ó grao. Non ve que este mozo está moi atarefado, que xa perdeu de ir a clase e que pode que nin chegue a lavandería nin ó super. Faiselle tarde. Non o reteña máis con tonterías. Vexa o ocupado que está.

Maiz.- O caso é que este home... (Enfadado) Queres suxeitar ó can...

Seoane.- Ves. Un deses que non gustan dos animais.

Mozo cun can.- Se se van a poñer desagradables, voume.

Seoane.- Acougue home. Só ten que mediar nunha disputa. Nada de moita envergadura. Mesmo un garda municipal pode facelo. O caso é que este home insiste en que eu...

Maiz.- Eu non insistín. Só dixen. Unha afirmación. Non unha reiteración.

Mozo cun can.- Deixense os dous de latriqueos de baratillo e vaían o cerne de cuestión.

Seoane.- Estaba falando eu.

Maiz.- Falaba eu ata que o can me interrompeu.

Seoane.- Non lle permito...

Mozo cun can.- Bueno, señores. Eu non son o santo Job, nin teño toda a tarde libre. Así que se non se clarexan dunha vez, teñome que ir.

Seoane.- Ah, certo. A lavandería.

Maiz.- Ten un alento marusio.

Mozo cun can.- ¿Eu?

Seoane.- Non eu.

Maiz.- Entón o admite. (Dirixíndose ó Mozo) Vostede é testemuña. El mesmo dixo que tiña alento marusio, a auga apodrecida e baixamar.

Mozo cun can.- Non ten a impresión que se está pasando de voltas. Este home ten aspecto de andar moi limpiño.

Maiz.- Aucune report. Eu falo do alento, non da precisión con que se fai as unllas ou o recendo do seu perfume. Falo do alento, dun bafo terrible a viveiros lamacentos e fondo de ría.

Seoane.- Si, e a marullos cozidos, non lle fode. (Diríxese agora ó Mozo) Por certo, vostede é da beiramar ¿Nonsí?

Mozo cun can.- Si, como é que o adiviñou.

Seoane.- Simple intuición. Os homes da beiramar teñen outra cor... outro xeito de andar pola vida. Non como os das cidades do interior, que semellan feitos de plástico e embrullados sempre nunha brétema espesa.

Maiz.- ¿Sabe o que son os marullos?

Mozo cun can.- Marullos...marullos... é iso algunha comida. Pode que sexa un cangrexo.

Maiz.- Non home non. Un alga

Seoane.- Daquela sabía do que eu estaba a falar.

Maiz.- Se non estivera tan cego e tan centrado en si mesmo xa se decataría que o dixeran fai un anaco, cando falei co garda. Moita parafernalia de tolerancia e moitas andrómenas pero non escoita ós demais. So quería ter a constatación.

Seoane.- A constatación de qué.

Maiz.- De que non era unha verba de uso común. O garda non o sabía. Iso pase, tampouco hai que esperar milagres. Ademais, os gardas son case sempre de aldeas e de vilas do interior, poucas perspectivas e poucos horizontes, xente de uniforme, xa se sabe, regras fixas, ordes absurdas e pouco que pensar.

Seoane.- E o mozo. Non andivo moi lonxe. Un despiste.

Maiz.- O mozo que vai saber. Esas son palabras de vellos. Agora xa ninguén usa. Algún espelido diríalle o nome latino, pero non sería quen de lle dar o nome común. Diríalle que é un tipo de Rodofícea ou calquer trapallada polo estilo.

(O mozo vaise sen avisar)

Maiz.- Ve o que lle digo. Esta xuventude. A menor crítica collen o portante e o deixan a un coas papas na boca.

Escena VIII

(Seoane, Maiz ,Rosaura)

Rosaura.- ¿Teran hora? Estou esperando un tren.

(Maiz e Seoane miranse un ó outro, como desconcertados)

Rosaura.- ¿E un pitillo? A espera vai ser longa.

Seoane.- ¿Como sabe que a espera será longa se non sabe que hora é?

Rosaura.- ¿Cómo sabe que a espera non será longa se nin tan sequera sabe que hora é? Os trens non chegan cando un quere, nin tan sequera na hora marcada. En todo caso, o tren que eu espero vai tardar en chegar.

Maiz.- (Extraendo un reloxo de peto do seu chaleque) Son as...

Seoane.- (Ollando por riba del) Non poden ser as doce.

Maiz.- ¿Que insinua?

Seoane.- Non insinuo nada. Digolle que o seu reloxo está parado. Que non vai, vaia.

Rosaura.- Xa lles dicía eu. Como queren que chegue o meu tren se ata o reloxo está parado.

Maiz.- Pois antes ía perfectamente. (Sacudindoo)

Rosaura.- Tamén onte eu estaba contenta e hoxe doume noxo a min mesma e quixera morrer.

Seoane.- Non o faga.

Rosaura.- ¿O qué?

Seoane.- Suicidarenses.

Rosaura.- Non tiña ningunha intención de me suicidar.

Maiz.- Daquela porqué dixo que desexaba morrer.

Seoane.- Iso, ¿Porque o dixo?

Rosaura.- Por que o penso. Quixera morrer con toda a convicción da miña alma. Pero... suicidarme. ¡Que parvada! Iso ninguén o quere. As tentativas de suicidio non existen, son simulacións, chamadas de atención ou como as queiran chamar. Non é algo que se poda anunciar. É como un raio. Pódese intuir a proximidade, pero xamais sabemos de onde vai vir e se caira aquí ou dez pasos máis alá.

Seoane.- ¿Está segura?

Rosaura.- Estouno. Tiven un caso na familia. Unha vez tomou medio frasco de barbitúricos e outra cortou as veas. As dúas veces o salvamos. Sempre ameazaba con intentalo de novo ata que un día lle dixen: Mira, bonita, se te queres suicidar de veras non andes con chamonadas, colles un frasco enteiro de barbitúricos, meteste no baño coa porta pechada con chave, abres as veas en sentido lonxitudinal, non seas prosma aprende a abrir as veas e deixate de chamonadas, e deixas cair o ventilador funcionando no auga do baño. Morres seguro. Desde aquela non o intentou nunca máis, porque sabía que tanto nos tiña e que nos diramos conta do seu xogo de simulación.

Seoane.- Un pouco dura a súa teoría.

Rosaura.- Eu xa teño problema dabondo para me preocupar polas ameazas de suicidio de ninguén. Se alguén quere deixar este mundo, é a súa opción. Eu non me vou sentir responsable. Cada quen é responsable dos seus actos e istos "intentos" non son senón formas de chantaxe da peor especie.

Seoane.- Se é así quedo moito máis tranquilo. Sei que non se vai suicidar aquí diante nosa.

Rosaura.- ¿Preocupáballe?

Seoane.- Un pouco.

Rosaura.- Quédolle moi recoñecida.

Maiz.- Eu tamén.

Rosaura.- ¿Tamén, qué?

Maiz.- Tamén quedo tranquilo.

Seoane.- Non fai máis que copiarme. Estou farto.

Maiz.- As ideas non son patrimonio de ninguén. Están circulando polo mundo adiante. Eu non teño a culpa de que vostede sexa máis rápido desenfundando.

Rosaura.- Realmente está farto, ou iso tamén é unha simulación.

Seoane.- Qué non o é.

Rosaura.- Se estivera realmente farto non soportaría a presenza de este atorrante. Collería o seu xornal e cambiaría de bancada.

Seoane.- Eu non teño por que me cambiar de lugar.

Maiz.- Nin eu tampouco e non lle permito que me trate de atorrante.

Rosaura.- Non necesito o seu permiso. Un home que ten o reloxo parado non merece o meu respecto. Ademais si é certo que lle copia ó señor. Vai sempre ó remolque, falando o que outros dixeron. Non ten iniciativa propia e iso é algo que me fai dubidar das súas capacidades.

Seoane.- Ben falado. ¡Qué muller!

Maiz.- ¡Vaia cousa! ¡Unha muller que espera a chegada dun tren no medio dun parque!

Rosaura.- Non pretenderá que pase a vida nos andéns da estación do tren.

Maiz.- Recoñeza que sería máis propio esperalo alí, que non nun parque. Ademais a estación está como a unha hora a pé.

Rosaura.- Que lle fai supoñer que vou ir andando ata a estación.

Maiz.- Non sei...

Seoane.- É mellor que se cale.

Maiz.- Eu queríaalles contar unha historia.

Rosaura.- Será mellor que me vaia. Non teñen hora e ameazan con contar unha historia, pode que triste. Non teño interese ningún en quedarme. Que lle vaia ben. Ah, e vostede, o do reloxo, polo menos podería darlle corda, que iso non custa moito traballo.

Escena IX

(Unha nai, o seu fillo de 10-12 anos)

No parque hai unha nai e un fillo sentado nun banco. A nai dalle a merenda ó neno. Un bocadillo e un plátano.

Neno.- Mama.

Nai.- Dime fillo.

Neno.- ¿Queresme moito?

Nai.- Quero si. Xa o sabes (Bicao)

Neno.- E se fose diferente. ¿lasmе querer tamén?

Nai.- ¿Que dis fillo?

Neno.- Nada, mamá. Soñaba.

(Nas pantallas vense esceas de modelos masculinos e de actores de cine, todos eles homes)

Escena X

(Un home vestido de executivo. Un vagabundo-peregrino)

No parque. Nun banco hai un home vestido de executivo. Está comendo un bocadillo moi apetitoso parcialmente envurullado en papel Albal. O carón ten unha botella de auga en envase de plástico. Pola dereita entra un home metade vagabundo metade peregrino, xa se sabe que tipo de home.

Nas pantallas haberá imaxes do resto do parque e algunhas retrospectivas sobre escenas que xa vimos.

O executivo.- Bos días.

O vagabundo.- Bos días. (olla para o bocadillo, con intensidade crecente).

O executivo.- ¿Ten fame?

O vagabundo.- ¿E a vostede que lle parece?

O executivo.- ¿Porque me fala de vostede se eu son máis novo?

O vagabundo.- Non me putee. Teño fame.

O executivo.- ¿Quere a metade do meu bocadillo? É de atún con cebola e alface e cunhas olivas negras.

O vagabundo.- Non quero. Non.

O executivo.- ¿Pero non tiña fame?

O vagabundo.- Teño. E moita. Pero tamén teño dignidade.

O executivo.- Non lle entendo (Segue a roer no bocadillo, con moita ansiedade, coma se lle faltara o tempo. De cando en vez toma un grolo de auga).

O vagabundo.- Non me sorprende. Esa garabata non lle deixa subir o sangue a cabeza e así non hai quen pense.

O executivo.- Eu ofrecíallo de corazón.

O vagabundo.- ¿O que?

O executivo.- A metade.

O vagabundo.- Xa me estaba asustando. Coidei que me ofrecía a dignidade. Coma unha dádiva.

O executivo.- ¿Quere un grolo? ¿Ten sede?

O vagabundo.- Teño. Pero non vou beber pola botella.

O executivo.- ¿Porque?

O vagabundo.- Afrouxe a garabata. Faille mal (O executivo segue comendo e bebendo con ansiedade) A saber cantas enfermidades pode transmitir. ¡Con ese aspecto!

O executivo.- ¿Eu?

O vagabundo.- Si, vostede. Con tanta asepsia e tanto mimo. Seguro que non ten defensas. ¿Cando foi a última vez que tivo a gripe, un catarro, unha cagarría? Seguro que non ten defensas.

O executivo.- Fai un par de meses. A gripe.

O vagabundo.- O ve. Un perigo. Eu levo vinte anos sen ter unha enfermidade. Durmo o relente e tan ancho. Fumo e tan ben. Cando xunto uns cartiños agarro unha pea e tan farruco. Vinte anos.

O executivo.- ¿Vinte anos? Non lle creo.

O vagabundo.- Vinte ou máis. Desde que deixei o traballo.

O executivo.- ¿En que traballaba se pode saberse? (Está a piques de rematar co bocadillo)

O vagabundo.- Na universidade. De becario.

O executivo.- Ninguén o diría. Anda un chisco descoidado. Aparentemente...

O vagabundo.- Eu. Non me faga rir. Descoidado anda vostede. Cun fato de Moda Xoven duns grandes almacéns. ¡Que vulgaridade! ¿Vende seguros ou e dependete dun hipermercado? (O executivo vaille negando cada unha das posibilidades. Non. Non me responda. Xa sei. É burocrata. Non. Non. ¿Empregado de banca? ¿Diseñador? ¿Trapealista?)

O executivo.- Non me diga que non vai descoidado.

O vagabundo.- Eu levo farrapos pero cun certo coidado no arranxo da cor e non vou de negro como todos esos tipos tristes.

O executivo.- Non vou discutir por tan pouco. É cuestión de gustos. A min o negro gústame. Por certo, ¿onde é que traballaba?

O vagabundo.- Na Universidade. Xa llo dixen.

O executivo.- ¿Hai moito diso?

O vagabundo.- Xa llo dixen tamén. Fáltame o respecto. Está a comer coma un porco. Olle para esa garabata coas pingas do aceite. Ademais... non me escoita. Non ten consideración.

O executivo.- ¿E que facía, se non é indiscreción?

O vagabundo.- Indiscreción non é. É curiosidade. Eu facía experimentos con gatos.

O executivo.- ¿Con gatos? (A partir de aquí veranse escenas de vivisección e outros experimentos con animais, a poder ser gatos)

O vagabundo.- Si, con gatos. Trepanaballes o cranio e inxectaballes substancias químicas. Logo dunha media hora facíalle un electroencefalograma, xa sabe con todos eses electrodos na cabeza. As agullañas que vai marcando con tinta unha gráfica nun rolo de papel. As agullañas facían un deseño gráfico e eu anotaba os resultados.

O executivo.- Moi interesante.

O vagabundo.- Non sexa parvo. ¡Que moi interesante nin que farrapo de gaita! As trepanacións facíamolas sen anestesia. Aínda resoan na miña cabeciña os miaños daqueles gatos. Os pobres sufrían moito. Os dous días morrían de encefalite. (Cavilando) Morrían.

O executivo.- ¿Morrían?

O vagabundo.- De encefalite. Sen remedio.

O executivo.- ¿E quen lle mandaba matar gatos? ¡Que traballo!

O vagabundo.- O xefe. Quen ía ser. Sempre hai un xefe. Canto máis bárbaro máis xefe. Din que iso é ciencia. Sacrificar animais. Con moita crueldade e moito ensañamento.

O executivo.- Non esaxere. Non é ben así. ¿Que sería do progreso sen eses animalíños?

O vagabundo.- Eu sei o que vivín. O catedro era un tipo infame. Cun pescozo como de boi, sen colo e cun bandullo descomunal. Coma un batracio borrachón. Cando lle dixen que non quería sacrificar animais botouse a min e díxome onde estaba a porta.

O executivo.- E daquela...

O vagabundo.- Daquela perdín a beca e xa non me quixeron en ningures. El foille dicindo a todo diós que eu era un heterodoxo. Unha especie de ecoloxista histérico e bohemio.

O executivo.- ¿E non houbo solución?

O vagabundo.- Que solución quere que houbera. Deixaronme sen traballo e sen posibilidades de atopalo. Son unha mafia endogámica. Un conxunto de pichaflojas que se refuxian na súa condición de funcionarios.

O executivo.- É un mal endémico.

O vagabundo.- O que é un mal endémico é o conformismo.

O executivo.- Non lle vou discutir iso. O meu pai opina o mesmo. A el tampouco lle gustaría que maltrataran ós gatos. É un home anticuado.

O vagabundo.- Deixese de facer comparacións de manual. Eu non son conservador por estar contra a tortura. Nos animais e nos homes.

O executivo.- Daquela ¿non houbo solución?

O vagabundo.- Aquel mamón seguiu facendo o mesmo, trepanar gatos e putear ós becarios. O peor foi para os gatos. Para min xa atopei a solución. Andar por aí e ir vivindo. Pero os gatos. Os gatos continúan morrendo de encefalite.

O executivo.- Ben. Xa rematei coa parva. (Erguese) Teño que volver ó traballo. (Deixa media botella de auga enriba do banco)

O vagabundo.- Bos días e que lle aproveite.

O executivo.- Eu inviteino. Que conste.

(O executivo desaparece da escena. O vagabundo colle a botella de auga. Nas pantallas reflexase a imaxe do vagabundo bebendo auga)

Escena XI

(A nai e o fillo da escena IX)

(nas pantallas imaxes de xente toda igual, poden ser militares ou xogadores dunha selección nacional, nenos facendo ximnasia rítmica ou bañistas nunha praia, astronautas ou seminaristas. O importante é que haxa unha uniformidade nos tipos de cada unha das pantallas.)

Neno.- Mamá.

Nai.- Dime, fillo.

Neno.- ¿Queresme moito?

Nai.- Que pesado estas hoxe. Querote (Bicao).

Neno.- E se eu fose diferente.

Nai.- ¿Que dis fillo? (Salouca. Erguendose) Todos somos diferentes.

Neno.- ¿De verdade?

Nai.- Si, meu rei. Todos somos diferentes.

Neno.- Pero diferentes... diferentes...

Nai.- Si, meu rei. Non hai dúas personas iguais en todo o mundo.

Neno.- Daquela... ser diferente é bo, mamá.

Nai.- Si, fillo. Ser diferente é bo.

(Nas pantallas esvaense de vagar as imaxes de xente toda igual e van aparecendo xentas de diversas idades, culturas, etnias, clases sociais, atitudes, tribus urbanas)

Escena XII

(Ana, presunta puta, Anxo, malpocado pouco foder e algo romántico)

Ana.- ¿E se eu fose puta? ¿Escolleríasme?

Anxo.- ¿Que pregunta é esa?

Ana.- Unha pregunta que pide resposta.

Anxo.- Que tipo de resposta.

Ana.- Logo de tres anos non sabes a resposta.

Anxo.- O que non entendo é a pregunta.

Ana.- A pregunta é ben simple. Se me atoparas nun barrio chino, parada na beirarrúa, facéndolle a espera ós automoveis que se deteñen para testa-lo material... ¿escolleríasme?

Anxo.- Non sei é unha pregunta moi pouco ortodoxa.

Ana.- Esa no é a cuestión. Non che pregunto se a miña cuestión é ortodoxa ou heterodoxa, ambigua ou nevermore? ¿Escolleríasme? Esa é a única pregunta. E non me mires así que sabes que me poño mala dos nervios.

Anxo.- Non sei. Pode que non... a verdade non sei.

Ana.- ¿Entón que fas aquí, langrán?

Anxo.- Non sei que contestar.

Ana.- Como que non sabes. Os homes só queredes as mulleres para foder. Viñeches aquí para me convencer. Para levarme o teu apartamento e abusar de min.

Anxo.- A que xogas. Non dicías que eras puta.

Ana.- Non me insultes que non te din motivos.

Anxo.- Eu a ti tampouco e chamachesme langrán.

Ana.- Iso foi un agarimo.

Anxo.- Tamén dixeches que so te quería para foder.

Ana.- Daquela non me queres.

Anxo.- Si que te quero.

Ana.- Pero ti que te pensas, mequetrefe. Eu quero a un home que me deixe satisfeita. Que me vexa e quede atordado. Que non mire para ninguna outra. Que me quiera e me deixe satisfeita.

Anxo.- ¿Quieres vir o meu apartamento?

Ana.- Un pouco tarde.

Anxo.- ¿Pero se son só as sete da tarde.

Ana.- Pero é tarde. Terías que mo dicir moito antes.

Anxo. Non me diches pé.

Ana.- Que non te din pé. Pero ti eres parvo ou que. Pregunteicho. Que se me escollerías. Pregunteicho e non dixeches nin mu. Eres un parvo (Erguendose). Se non me queres nin sendo puta imaxinate se fose virxe.

Anxo.- ¿Non eres virxe?

Ana.- ¿E ti, ti eres virxe?

Anxo.- Non é o mesmo.

Ana.- Xa saeu o machiño de merda. ¿Porque non é o mesmo? ¿Porque os homes tedes bula? ¿De onde sacachedes que sodes diferentes?

Anxo.- ¿De verdade que non queres vir ó apartamento?

Ana.- Como vou ir a un apartamento con alguén que nin de puta lle valo. Non sabes o que dis.

Anxo.- Anda, muller.

Ana.- Xa ando. Xa te deixo só. Aí, para que apodrezas, para que vaias ó apartamento a cascala contra unha porta. (Vaise).

Escena XIII

(A nai e o fillo das escenas IX e XI, O garda urban.)

Camiñan polo escenario. Chegan á altura onde houbera a discusión sobre os deseños, entre Maiz e Seoane. Nas pantallas repitense anacos das escenas entre Maiz e Seoane. Os debuxos. A discusión. A intervención do garda urban e do mozo co can.

Neno.- Olla mamá. Un deseño.

Nai.- Si, que medusa tan bonita.

Neno.- Non pode ser mamá. Non ten tentáculos.

Nai.- Hai. meu fillo. Non ves que é unha medusa.

Neno.- Eu creo que é un paraguas, mamá.

(Entra o Garda urban)

Nai.- Aquí está o garda. (Dirixíndose ó garda). Que medusa tan bonita. ¿Non cre?

O garda.- Señora. Non me amole. ¿Onde lle ve os tentáculos? Non ve que é un marullo.

Nai.- ¿Un marullo?

O garda.- Si, un marullo.

Neno.- ¿Que é un marullo, mamá?

Nai.- E eu que sei (Arrastrando) Imos. Este señor ten ganas de tomarnos o pelo.

O garda.- Señora, que eu non lle faltei en nada.

A nai e o neno vanse pola esquerda falando. O garda queda estático. Coa palabra na boca. Cando os ve marchar borra os deseños co pe, coma con xenreira.

Neno.- Mama. ¿Queresme?

Nai.- Ata agora si. Pero se segues con esa matrecola, aínda vou cambiar de opinión.

Neno.-¿E se fose garda, quereríasme?
